

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 6 de xuño de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González

**Invitado:**

D. David Regades Fernández (Non asistíu)

Na Casa do Concello de Vigo, ás 13,30 horas do día seis de xuño de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(639).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(640).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA COFINANCIADAS POLO FEADER, PARA A OBRA DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ZAMÁNS. EXPTE. 1406/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Área de Fomento, de data 6.06.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar a solicitude de subvención do Concello de Vigo na convocatoria de subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia promovidos polos concellos e mancomunidades de concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), para a obra de **“Humanización do entorno da Igrexa de Zamáns”**, por importe de 211.382,29 Euros.

**3(641).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DE FORMA INDIVIDUAL EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA A OBRA DE ELIMINACIÓN DE VERTIDOS NA ZONA DE ALZA-CABRAL. EXPTE. 1405/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Área de Fomento, de data 6.06.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobar a solicitude de subvención do Concello de Vigo na convocatoria de subvencións de forma individual en concorrencia competitiva, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental para a obra de “Eliminación de vertidos na zona de Alza – Cabral”, por importe de 39.966,66 Euros.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 13,40 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.